

ARTE GREGA

TÍTULO: **METOPAS DO PARTENÓN (CENTAUROMAQUIA)**

AUTOR: **Fidias**

CRONOLOXÍA: 447-438 a.C.

TIPOLOXÍA: Altorrelevo

MATERIAL: Mármore do pentélico policromado

MEDIDAS: 1,37x1,72 m

ESTILO: Grego clásico

TEMA: Centauromaquia

LOCALIZACIÓN: British Museum (Londres)



DESCRICIÓN FORMAL

Metopa número 27 do Partenón, realizada por Fidias en mármore policromado co tema da Centauromaquia (447-438 a.C.).

Traballada en altorrelevo, chega a sobresaír ata 25 cm. O escultor revela a súa depurada técnica ao recrear nun espazo tan reducido o dramático momento no que o centauro tenta fuxir. Obsérvase un magnífico modelado das anatomías, que contrasta entre a harmonía do corpo do lapita e o corpo contorsionado do centauro que se presiona nas costas a ferida que lle causara o guerreiro. Este leva unha capa que se desprega por ámbolos dous brazos e que actúa de fondo. Esta metopa ten unha concepción escultórica máis moderna que outras do Partenón, pola estrutura compositiva harmónica e dinámica e o tratamento naturalista das figuras, de canon proporcionado e de gran expresividade.



O total eran 92 metopas que rodeaban o entaboamento do Partenón. Trátase de pezas cadradas de 1,35 m de lado e realizadas en mármore. Atopamos altorreleivos figurativos e de carácter naturalista idealizados, que representan en cada un dos lados do templo unha das grandes loitas mitolóxicas. As composicións adaptanse ao marco cadrado das metopas. As representacións reproducen escenas de combates, dotadas de gran movemento, con gran repertorio de posturas e escorzos que dotan de gran dinamismo ás representacións. Hai que en gadir unha gran riqueza plástica en texturas, como observamos nos cabelos, vestimentas, capas e peles dos guerreiros, onde a través dos pliegues dotan de movemento e ritmo á composición. Os pliegues e a musculatura están ben marcados, utilizando o principio da “diartrose” que consiste en acentuar con liñas profundas as liñas divisorias de brazos e pernas, así como os pectorais e o pliegue inguinal dando lugar a xogos de claroscuro que realzan o volumen das figuras. Porén Fidias desmárcase da busca da beleza ideal a través do número e da proporción e parece máis preocupado por atopar unha beleza ideal, onde incluso en escenas violentas, os rostros amosan serenidade e dominio das paixóns, en consonancia co espírito relixioso e cívico da época.

Hai que ter en conta que os gregos utilizaban cores intensas, fundamentalmente, vermello, azul e dourado. En determinados puntos engadíronse accesorios de bronce, como se pode ver nas mans de xinetes que suxeitan as rendas, por exemplo.

TEMÁTICA

As metopas son o comezo dos traballos escultóricos e, en consecuencia, son a serie con menos cohesión. Conforme se avanza no traballo de esculpido das metopas, pódese ver máis unicidade, que culminará no traballo do friso. A temática completa o ciclo da Xigantomaquia (Leste) –enfrentamento entre os deuses e os Xigantes-, a Amazonomaquia –batalla entre gregos e Amazonas- (Oeste) e a caída de Troia (Norte). As metopas do lado sur do Partenón adícanse á CENTAUROMAQUIA, escenificándose a contenda entre os lapitas e os centauros en Tesalia, un dos mitos máis populares da iconografía grega. Baséase no mito que conta que o rei dos lapitas, Piritoo, invitou á súa boda con Hipodamia tamén aos centauros, seres con figura de home de cintura para arriba e de cabalo de cintura para abaixo. Pero os centauros emborracháronse e atacaron á noiva e aos demais lapitas. O enfrontamento finalizou coa vitoria dos lapitas.

Os temas das metopas, inspiradas no mundo da mitoloxía, simbolizan a neutralización das forzas do mal polas do ben. A lenda da Centauromaquia foi empregada polos gregos como símbolo da civilización e a orde.

FUNCIÓN E SIGNIFICADO

As metopas do Partenón teñen unha función decorativa dentro dos templos de orde dórica, servindo de soporte á decoración escultórica do templo. O significado das metopas forma parte dun programa iconográfico que Fidias deseñou para o Partenón, onde, ademais das metopas que representaban as grandes guerras mitolóxicas, atopamos o friso das Panateneas nos muros exteriores da cella, así como os dous frontóns, con dúas grandes escenas, o nacemento de Atenea no frontón oriental e a disputa entre Atenea e Poseidón polo dominio da Ática no frontón occidental. Con todo isto preténdese exaltar a grandeza da deusa Atenea, patroa da cidade de Atenas.

Con Fidias chegamos ao momento culminante da escultura dentro do período Clásico. A escultura de Fidias chega a unhas cotas altísimas en canto a movemento, ritmo, riqueza plástica e expresiva, innovacións compositivas ou de representación como a técnica dos panos mollados. Pon por diante a busca da beleza interior ou a plenitude espiritual ao uso das proporcións exactas e unha harmonía numérica. Utiliza a liberdade creativa, tanto na representación das personaxes como na compostición de escenas nunca vista antes. Abre o camiño cara a un novo tipo de expresión que terá gran influencia no postclasicismo posterior en autores como Praxíteles, Lisipo ou Scopas, onde, por un lado, se buscará unha beleza máis amable e humana e, por outro, a expresión do “*pathos*” ou sufrimento humano.

MODELOS E INFLUENCIAS

O tema desta metopa aparece tamén en vasos de figuras negras e na decoración de templos como o de Zeus en Olimpia.

Esta iconografía aparece tamén en séculos posteriores: *Teseo dando morte ao centauro* (Canova), sillaría do coro do convento de San Marcos en León, *Batalla de centauros e lapitas* (relevé de mármore de Miguel Anxo), *Rapto de Hipodamia* (Rubens).